

1º Trabajo Programación C++

1. Realiza un programa en linguaxe C++ que presente por pantalla o seguinte menú e execute as seguintes operacións:

1. Potencia
2. Euros ou dólares a libras
3. Números primos que hai en N números
4. N primeiros números da serie de Fibonacci
5. Invertir un número
6. Saír



1. Introducimos dous valores numéricos reais (base, expoñente) e obtense o resultado de calcular a base elevada ao expoñente. (Podes usar a librería math.h que ten a función pow)

2. Introducimos unha cantidade N (sendo N un número real), e a moeda (que pode ser dolar ou euro) e devolve o equivalente en libras. O tipo de moeda ten que ser de tipo carácter, por exemplo d como dólar e e para os euros.

3. O programa ten que determinar cantos números primos hai nos primeiros N (introducido por teclado) números positivos. Ex: Se introducimos 7, hai 4 números primos (2,3,5,7).

4. Ten que devolver os N primeiros números da serie de Fibonacci. N introducímolo por teclado. Exemplo se metemos o número 6, o programa ten que escribir 1 1 2 3 5 8.

5. Devolve o número ao revés dun número N introducido por teclado. Ex: Con 145 ten que imprimir 541.

6. Cando marquemos esta opción finaliza a execución do programa.

Ao rematar unha operación ten que volver aparecer o menú principal por se queremos repetila ou escoller outra. O programa só remata ao seleccionar a opción 6.

A rúbrica da avaliación da tarefa está na aula virtual da materia.